

# Un filme sobre a revolución

Nobuko Miyamoto

C

oñecín a Antonello Branca en 1968. El estaba en Los Angeles facendo pequenas curtas documentais por conta da televisión italiana. Tratábase, en realidade, dun traballo preliminar para un filme que quería producir. Contaba a historia dun mozo que pasaba do nacionalismo negro ao nacionalismo revolucionario, para finalmente integrarse no Partido das Panteras Negras. Antonello quería facer un filme de xeito revolucionario: sen guión nin actores profesionais (agás Norman Jacobs) e con poucos medios. Unha produción de guerrilla coa colaboración das Panteras Negras.

Pedime axuda. Eu sabía ben pouco sobre cinema (fóra das miñas aparicións coma bailarina nalgún filme ou musical) e aínda menos sobre política. O certo é que as Panteras metíanme medo, pero unha das meirandes habilidades de Antonello era a de obter as respostas que quería. Aceptei e boteime ao río. Daquela moita xente botouse ás turbulentas augas da revolución.

Corría o ano 1968 e América tiña dúas fronteas abertas: a guerra no Vietnam e a guerra interna. Había estudantes protestando contra o sistema por todo o país, con marchas contra o servizo militar e a guerra; mulleres que se xuntaban para esixir igualdade de dereitos; César Chávez organizara o campesiñado e o Boicot da Uva; os nativos americanos

ocupaban Alcatraz; a mocidade estadounidense prendera o lume da liberdade e a música bruaba a carón da rebelión. Pero foi o Partido das Panteras Negras quen alporizou o Goberno dos Estados Unidos. O legado de Malcolm X, os activistas vestidos coas chaquetas de coiro e as boinas negras, armados co libriño vermello de Mao e a teoría marxista-leninista, os rifles de autodefensa e o programa dos dez puntos, convertéronos nos protagonistas desta etapa revolucionaria.

Nunca saberei como Antonello conseguiu que participaran no filme.

Eran intelixentes, e fixeron dos medios de comunicación e da comunidade negra o escenario da súa guerra. Adoitaban marchar cara á capital de California con rifles nas mans para protestaren contra a represión policial. A loita cos porcos (así chamaban aos policías) era interminábel. A policía asaltaba os cuarteis das Panteras por todo o país. Os líderes das Panteras, Huey Newton, Bobby Seale e Gerónimo, foron arrestados. Bunchy Carter, Fred Hampton e moitos outros foron asasinados. As Panteras axudaran a súa xente de moi diversas maneiras, co Almorzo de Balde para o Programa de Escolarización dos Cativos ou cos programas de sanidade, por exemplo. Ao tempo, defendían os seus prisioneiros

políticos e estaban ocupados na loita armada. Como habían de considerar sequera a idea de participaren na pequena produción de Branca?

Antonello era así. Fíxolles concordar. Todos os días, o noso equipo de asalto (Rafael, Norman e máis eu) procuraba seguir a creatividade de Antonello, e compartiamos a comida, a bebida e o piso, tiñamos encontros cos líderes das Panteras, que adoitaban acudir cos rifles... As cancións de Elaine Brown foron a banda sonora... Si! Iso foi o que inspirou o título do filme: «Aproveita o tempo».

Reunímonos con Geronimo. Lévano preso. Facemos o vídeo «Almorzo para os nenos», servíndolles ovos e amor. Poder para o pobo! Iso é!

Falemos primeiro do documental. Imos a Berkley, onde están a ter lugar as protestas en defensa do People's Park: os tanques avanza, a Garda Nacional marcha, axudo a Antonello a filmar á policía mentres apuntan as baionetas cara á cámara. No campus de Berkley afogamos polos gases lacrimóxenos, a xente marcha, bátenme cun pau e podo comprobar a violencia dos policías. Poder para o pobo! Adiante!

En Nova Iorque filmamos a ocupación dos Young Lords dunha igrexa de East Harlem; regresamos a Los Angeles e filmamos á Pantera Erica Huggins dando a luz o seu bebé.

Eldridge Cleaver en Alxeria, Huey na cadea, en California. As Panteras sofren unha división política. Como podía pensar Antonello en facer un filme nun período tan confuso e perigoso? Este documental construíuse na súa mente como a improvisación no jazz, feito de xente e situacións atopadas polo camiño mentres o mundo xiraba arredor de nós. Para min, esta experiencia foi como ollar moi de preto a outra cara das Panteras. Nunca esqueceré unha conferencia sobre políticas da comunidade que impartiu Masai Hewitt, o Ministro de Educación, en Los Angeles. Un irmán noviño procuraba ler en voz alta o libriño vermello de Mao. Masai traduciu, sen indulxencia, o significado de «servir ao pobo» na linguaxe da rúa. Pensei: «É abraiante, iso é verdadeiro amor pola xente». Logo, alguén me chamou irmá durante o Almorzo para os Nenos. Eu era unha estranxeira, nipoamericana, pero esa persoa fíxome sentir parte da familia. Tamén iso era amor. Xa non volví ter medo das Panteras.

Este artigo é tan só un bosquexo rápido da nosa experiencia filmando «Aproveita o tempo». Se cadra o filme non foi máis ca unha escusa para participarmos dun momento épico, para aprender, para sermos testemuñas dos seus sufrimentos e soños, para respirar a súa arela revolucionaria. Facer un filme sobre a revolución foi realmente duro, pero éo moito máis revolucionármolos a nós mesmos.